

CATÁLOGO

BAM

Biblioteca | Archivo | Museo

Concello de Betanzos

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES

- Neste documento resumimos algunhas das actividades que desenvolvemos na BAM Betanzos (Biblioteca, Arquivo e Museo) para os grupos escolares.
- Estamos abertos durante todo o ano á creación de novas propostas e actividades que ligen o traballo escolar ca nosa historia e o patrimonio da cidade de Betanzos.
- Do mesmo xeito, poderemos adaptar algunhas das actividades ás necesidades de cada grupo participante.
- Todas as actividades poderán ir precedidas dunha visita guiada pola BAM.

OBXECTIVOS

- As actividades están pensadas cunha finalidade didáctica e ca intención de achegar o patrimonio e a historia de Betanzos aos diferentes niveis da comunidade escolar.
- A diversidade temática do propio Museo das Mariñas facilita a creación de todo tipo de actividades culturais, o que unido aos fondos do Arquivo e da Biblioteca e mesmo ao patrimonio da cidade, permite a creación de experiencias tanto dentro como fóra do recinto.

RESERVA DA VISITA

- Para facer a reserva da actividade contacta co Museo das Mariñas por correo electrónico ou, no seu defecto, por teléfono.
- As actividades desenvolveranse de luns a venres entre as 9 e as 13 horas.
- O número máximo de participantes en cada actividade é de 25 persoas.
- A visita e as actividades para os grupos escolares será de balde pero será o centro de ensino o que sufrague os gastos dos materiais a imprimir.

CONTACTO:

☎ 981 77 36 93

✉ museodasmarinas@betanzos.net

🔗 bam.betanzos.gal

📍 Rúa Emilio Romay, 1. Betanzos (A Coruña)

📷 @BAMbetanzos





INFANTIL
BAM



O GLOBO DE BETANZOS

Obxectivos

Coñecer a historia das festas de Betanzos e o seus símbolos a través dunha visita polos fondos da BAM.

Reto

Recortar, deseñar e montar o teu propio globo aerostático na aula para despois decorar o museo.

Dificultades

Recortar e pegar



BAM

A CAIXA ABERTA DE S. FELIÚ

Obxectivos

Coñecer o fondo de pintura do museo e deseñar algo que Sofía Feliú non sabía pintar: unha caixa aberta.

Reto

Visitar o fondo pictórico do museo e logo pintar (na aula ou no museo) a túa proposta de caixa aberta.





PRIMARIA

BAM





O GLOBO DE BETANZOS

Obxectivos

Coñecer a historia das festas de Betanzos e o seus símbolos a través dunha visita polos fondos da BAM.

Reto

Recortar, deseñar e montar o teu propio globo aerostático na aula para despois decorar o museo.

Dificultades

Recortar e pegar



BAM

A CAIXA ABERTA DE S. FELIÚ

Obxectivos

Coñecer o fondo de pintura do museo e deseñar algo que Sofía Feliú non sabía pintar: unha caixa aberta.

Reto

Visitar o fondo pictórico do museo e logo pintar (na aula ou no museo) a túa proposta de caixa aberta.

Complemento

Se queres pasar a mañá debuxando no museo, proba mellor ca ruta de debuxo.





ruta de debuxo

Obxectivos

Coñecer, identificar e replicar diferentes técnicas de debuxo que podemos ver no museo.

Reto

Facer debuxo arqueolóxico, de moda, autorretrato, debuxo heráldico ou debuxo de natureza.

Dificultades

Debuxos a lápiz de diferentes estilos.

BAM

NON HAI FRONTEIRAS

Obxectivos

Coñecer o pasado betanceiro ligado á emigración para logo estudar na aula a cultura dos alumnos migrantes.

Reto

Coñecer a nosa historia migratoria e logo na aula buscar sobre os mesmos temas que temos no museo (festas, vestimenta, arte, música, historia) pero sobre a cultura de orixe dos alumnos migrantes.

Dificultades

Manexar as fontes de información para buscar os datos dos compañeiros da aula.



DEBUXANDO BETANZOS

Obxectivos


Coñecer o legado da familia Martínez Santiso, especialmente os seus debuxos do patrimonio betanceiro.

Reto

Saír á rúa a debuxar, como Francisco Javier Martínez Santiso, unha casa da cidade para formar parte da exposición temporal “As casas de Betanzos na Historia”

Dificultades

Lápiz e papel para debuxar na rúa, non importa o nivel artístico.



BAM



QUEN ESTÁ ROUBANDO NO MUSEO?

Obxectivos

Resolver un xogo de pistas (individual ou por equipos) ao tempo que se vai coñecendo a colección do museo.

Reto

Resolver varios enigmas de diferentes dificultades relacionadas cas pezas do Museo das Mariñas.

Dificultades

O alumnado debe ter sempre apoio dalgún adulto.

SECUNDARIA

BAM





RUTA DE DEBUXO

Obxectivos

Coñecer, identificar e replicar diferentes técnicas de debuxo que podemos ver no museo.

Reto

Facer debuxo arqueolóxico, de moda, autorretrato, debuxo heráldico ou debuxo de natureza.

Dificultades

Debuxos a lápiz de diferentes estilos.

BAM

NON HAI FRONTEIRAS

Obxectivos

Coñecer o pasado betanceiro ligado á emigración para logo estudar na aula a cultura dos alumnos migrantes.

Reto

Coñecer a nosa historia migratoria e logo na aula buscar sobre os mesmos temas que temos no museo (festas, vestimenta, arte, música, historia) pero sobre a cultura de orixe dos alumnos migrantes.

Dificultades

Manexar as fontes de información para buscar os datos dos compañeiros da aula.



DEBUXANDO BETANZOS

Obxectivos


Coñecer o legado da familia Martínez Santiso, especialmente os seus debuxos do patrimonio betanceiro.

Reto

Saír á rúa a debuxar, como Francisco Javier Martínez Santiso, unha casa da cidade para formar parte da exposición temporal “As casas de Betanzos na Historia”

Dificultades

Lápiz e papel para debuxar na rúa, non importa o nivel artístico.



BAM



QUEN ESTÁ ROUBANDO NO MUSEO?

Obxectivos

Resolver un xogo de pistas (individual ou por equipos) ao tempo que se vai coñecendo a colección do museo.

Reto

Resolver varios enigmas de diferentes dificultades relacionadas cas pezas do Museo das Mariñas.

Dificultades

O alumnado debe ter sempre apoio dalgún adulto.

BUSCA, ENFOCA E DISPARA

Obxectivos

Identificar o patrimonio betanceiro máis destacado a través de fotografías antigas e un paseo pola cidade.

Reto

Actualizar as imaxes con fotografías realizadas cos teléfonos móbiles, tratando de emular ás fotografías antigas.

Dificultades

Trátase dunha actividade para desenvolver en exterior.



BAM

VISITAS GUIADAS

BAM



VISITA GUIADA

Obxectivos

Coñecer os fondos do Museo das Mariñas e algúns aspectos da historia de Betanzos.

Reto

Percorrer as coleccións aprendendo todo tipo de curiosidades sobre elas.

BAM

VISITA AUTOGUIADA


Obxectivos

Visitar o Museo das Mariñas guiado polo propio profesorado, que terá á súa disposición un documento co que preparar a ruta polos fondos da institución.

Reto

Traballar de forma independente sen a mediación do persoal do museo, axeitando a visita aos temas de interese para a aula.





AS LETRAS, OS LIBROS E AS BIBLIOTECAS DE BETANZOS

Obxectivos

Coñecer diferentes episodios que vinculan a Betanzos cas letras, os libros e as bibliotecas.

Ruta

Ruta de 2 horas que se inicia no Museo das Mariñas e remata na Galera tras percorrer o casco histórico.

BAM

BETANZOS MEDIEVAL

Obxectivos

Coñecer o pasado medieval de Betanzos e identificar diferentes recursos patrimoniais da cidade no seu contexto.

Ruta

Con inicio no museo ou nos centros escolares, é un percorrido polo casco histórico da cidade e o propio museo.





BETANZOS XIX-XX

Obxectivos

Coñecer como era Betanzos no cambio de século e identificar os recursos patrimoniais desa época.

Ruta

Partindo do museo ou dos centros escolares da cidade, percorreremos o casco histórico e o Museo das Mariñas.

BAM


BETANZOS INDIANO

Obxectivos

Coñecer o pasado indiano de Betanzos e identificar diferentes recursos patrimoniais da cidade no seu contexto.

Ruta

Roteiro que combina os fondos do Museo das Mariñas co patrimonio dos irmáns García Naveira e outros veciños.





CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS E A HISTORIA DA MÚSICA EN BETANZOS

Obxectivos

Coñecer a biografía dun dos betanceiros máis destacados do panorama musical e identificar os lugares relacionados ca música na cidade.

Ruta

Dende os centros de ensino ao museo.

BAM

O NOSO BARRIO

Obxectivos

Coñecer e identificar os recursos patrimoniais do barrio da Magdalena e a Condomiña onde están situados os centros de ensino. Veremos os restos do hospital dos leprosos, da fábrica de curtidos, do campo de concentración ou do recheo de comezos do século XX.

Ruta

Partindo da propia escola percorreremos os lugares máis característicos do barrio.





BETANZOS NA II REPÚBLICA

Obxectivos

Coñecer diferentes episodios que vinculan a Betanzos co período republicano.

Ruta

Ruta que se inicia no museo ou nos centros escolares da cidade e percorre diferentes puntos do casco histórico para rematar no Museo das Mariñas.

BAM

RUTAS A MEDIDA

Obxectivos

Achegar o contexto necesario da cidade segundo os materiais estudados nas aulas e para todas as idades.

Ruta

Deseñamos as rutas a medida, combinando os coñecementos cos recursos que conservamos na Biblioteca, o Arquivo e o Museo das Mariñas.

